

## **PROGRAMA 8. “PREVENCIÓN DOS PROBLEMAS ASOCIADOS AO USO DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN”**

### **XUSTIFICACIÓN**

As tecnoloxías da información e comunicación revolucionaron o estilo de vida dos adultos, pero sen duda o cambio máis espectacular produciuse nos menores, que naceron con elas. O seu estilo de vida modificouse, cando menos, en relación co vivido ata agora polos adultos. Observar nos menores unha adicación de tempo e comportamentos moi diferentes ós que tiveran os seus pais é sen dúbida, sorprendente. Non se entende que se pasen horas diante dunha pantalla dun ordenador ou dun teléfono móbil. Custa comprender que en vez de xogar cos amigos e amigas na rúa, queden na casa para falar a través das redes sociais virtuais. É obvio recoñecer a existencia da adicción ás tecnoloxías, xa que se leva anos falando dela, sendo máis difícil coñecer a dimensión do seu alcance. Este programa nace para informar e previr das posibles condutas adictivas ás tecnoloxías actuais da información dirixido á poboación máis vulnerable, como son os nenos e as nenas, os/as adolescentes e as súas familias.

### **POBOACIÓN OBXECTO**

Este programa está dirixido ao alumnado de Educación Primaria e Secundaria que cursen estudos en centros de ensino ordinarios e non ordinarios dos Concellos de A Cañiza, As Neves, Cerdedo-Cotobade, Covelo, Gondomar, Nigrán, Pontearreas, Soutomaior, e Vigo.

### **MODELO TEÓRICO**

Os investigadores sinalan a adolescencia como un periodo de grande vulnerabilidade para o desenvolvemento do uso problemático de Internet ou dunha posible adicción a Internet (Kaltiala-Heino, Lintonen y Rimpelä, 2004, Kandell, 1998; Kuss, van Rooij, Shorter, Griffiths y van de Mhenn, 2013). Así mesmo, evidénciase a relación entre o uso problemático de Internet e outros comportamentos de risco tales como altas porcentaxes de consumo de alcohol e tabaco (Lee et al., 2013; Wang et al., 2011) ou de abuso de sustancias (Heo et al., 2014; Lee et al., 2013)

### **FINALIDADE, METAS E OBXECTIVOS**

A finalidade do programa é previr o uso excesivo das TIC's por parte dos educadores, proporcionando á poboación adolescente ferramentas para facer un uso adecuado, así como axudar ás familias a cambiar a súa actitude fronte a estas tecnoloxías, fomentando a adquisición e práctica de hábitos saudables alternativos á conduta adictiva.

Os obxectivos que o Equipo Técnico se propón son, basicamente:

- Anticiparse e coñecer os intereses e preferencias de ocio das e dos adolescentes e compartir con eles momentos, espazos e actividades de tempo libre
- Evitar a aparición de certos hábitos que poidan resultar perxudiciais e dañinos para os individuos
- Recoñecer as vantaxas das tecnoloxías, pero dando a coñecer tamén os seus riscos
- Distinguir entre afición e adicción, así como recoñecer os principais sinais de risco.

## **ACTIVIDADES E METODOLOXÍA**

O programa articúlase da seguinte maneira:

Primeiro, realízase unha campaña informativa co fin de pór en coñecemento a existencia destes obradoiros e os seus obxectivos. Os centros interesados poranse en contacto coa Asociación AMAINA, e manterase unha entrevista con cada un deles.

### **Nome da actividade: PREVENCIÓN DOS PROBLEMAS ASOCIADOS AO USO DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN**

**Tipo Actividade:** preventiva

A actividade consiste na impartición dun taller sobre os problemas asociados ao uso das tecnoloxías dirixido a alumnos/as de Primaria e Secundaria, co seguinte contido:

1ª SESIÓN: Utilización de internet, o móbil e os videoxogos.

2ª SESIÓN: Xogo de rol. Análise dun caso. Posibles riscos e perigos en internet.

3ª SESIÓN: Actividades de ocio e diversión. Consumo responsable.

## **CRONOGRAMA**

Este programa de prevención desenvólvese dende o 1 de xullo de 2022 ata o 30 de xuño de 2025. Os talleres de prevención dos problemas asociados ao uso das novas tecnoloxías desenvólvese ao longo de tres sesións dunha hora cada sesión, coa posibilidade de aumentar a súa duración en función da demanda dos centros.

## **EQUIPO QUE DESENVOLVERÁ A INTERVENCIÓN**

Este programa levarase a cabo polas técnicas da Asociación AMAINA: psicóloga, titulada universitaria oficial de grado, e avogada con experiencia en prevención de trastornos adictivos.

## **RECURSOS MATERIAIS**

Local, material funxible (folios, bolígrafos, subcarpetas...), internet, teléfono, impresora, ordenadores, cañón de diapositivas.

MATERIAL A UTILIZAR: Cuestionarios, unidades didácticas, cd's e dvd's.

## **AVALIACIÓN**

Os indicadores xerais para avaliar a eficacia do programa serán:

- Grao de satisfacción do alumnado participante coas experiencias (de aprendizaxe) que propician as actividades do programa.
- Nº de centros de ensino ordinario e non ordinario nos que se impartiron os obradoiros.
- Nº de poboación directa do programa.

Os instrumentos de avaliación específicos do programa serán:

- Un cuestionario xeral que se completará ao inicio do obradoiro, atendendo aos contidos do Programa que permite obter unha visión sobre as actitudes e coñecementos do grupo.
- Unha serie de dinámicas grupais que se realizarán en cada obradoiro.
- Outro cuestionario xeral que se pasará ao final do obradoiro para avaliar os cambios nas respostas e coñecer as competencias adquiridas polo alumnado.

Ademáis dos cuestionarios, exercicios, dinámicas, etc., o seguimento continuo do alumnado, así como a participación activa do mesmo, serán os instrumentos máis fiables.

De cara ao traballo integral con perspectiva de xénero, realizaranse sesións específicas sobre o tema anteriores ás sesións correspondentes ao programa, intervencións diferenciais, con materiais revisados e metodoloxía adecuada, e utilizarase unha linguaxe inclusiva.